

IES SANXILLO

# PROGRAMA DE INCLUSIÓN E DIVERSIDADE EDUCATIVA



CURSO 2021-2022

ALUMNADO  
FAMILIAS  
PROFESORADO  
INSTITUCIÓN DO ENTORNO

PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN NA INCLUSIÓN EDUCATIVA E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Coordinado polo Departamento de Orientación.  
Coa colaboración de toda a comunidade educativa.



## **1. XUSTIFICACIÓN**

### **1.1 XUSTIFICACIÓN TEÓRICA E LEGAL:**

A partir dos anos 90 comézase a falar de educación para todos, CON AUTORES COMO Giné e Ortiz, Carpenter ou Verdugo. Recentemente, a Declaración de Incheon, celebrada en maio de 2015, defende o enfoque humanista da educación e establece 17 obxectivos de desenvolvemento sostible para a axenda 2030, incluíndo a educación inclusiva.

#### **Unhas pinceladas previas teóricas...**

#### **UNESCO: Educación 2030. Declaración de Incheon (2015).**

Aprobada en maio de 2015 en Incheon (Corea), no Foro Mundial de Educación, representa o compromiso dos países e da comunidade mundial da educación cunha axenda única e renovada para o sector educativo.

Visión da Educación 2030: “Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos/as”.

#### **Atención á diversidade e inclusión na LO 3/2020 (texto consolidado):**

Os centros elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado da etapa de educación secundaria obrigatoria, atendendo á súa diversidade. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes

ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.

O concepto de DIVERSIDADE entendido como unha característica propia de calquera grupo educativo (pola súa natureza heteroxénea), xorde da aceptación de que todas as persoas que o conforman utilizan nos seus procesos de ensino – aprendizaxe as súas diferentes capacidades, motivacións, intereses, expectativas, experiencias, coñecementos previos, etc. e que estas, ao interactuaren co medio educativo, xeran distintas necesidades educativas (incluídas as especiais).

**Atención á diversidade e inclusión na LO 3/2020 (texto consolidado):**

**Equidade e compensación das desigualdades en educación (art. 80):**

Co fin de facer efectivo o principio de equidade no exercicio do dereito á educación, as Administracións públicas desenvolverán accións dirixidas ás persoas, grupos, entornos sociais e ámbitos territoriais que se atopen en situación de vulnerabilidade socioeducativa e cultural co obxecto de eliminar as barreiras que limitan o seu acceso, presenza, participación ou aprendizaxe, asegurando con iso os axustes razoables en función das súas necesidades individuais e prestando o apoio necesario para fomentar o seu máximo desenvolvemento educativo e social, de maneira que poida acceder a unha educación inclusiva, en igualdade de condicións cós demais

Partimos de que a atención á diversidade significa dar a todo o alumnado, sen exclusión, a oportunidade de levar a cabo unhas mesmas aprendizaxes e alcanzar os mesmos obxectivos. Pero esta igualdade de obxectivos non significa igualdade de tratamento pedagóxico.

Esta concepción da atención á diversidade implica que a axuda educativa personalizada é un garante para que as diferenzas existentes nos alumnos non impidan o seu desenvolvemento persoal e social, polo que a persoalización do ensino é a ferramenta clave para promover a igualdade de oportunidades no ensino obrigatorio.

Técnicamente a ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (**segundo o art. 3 do Decreto 229/2011**) concíbese como o “Conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado”.

Dado que toda actuación de orientación educativa precisa dun respaldo normativo, destacamos a continuación os seguintes referentes legais:

- Os artigos actuais da LODE (1985)
- En concreto L.O. 3/2020, LOMLOE, inclúen (art. 1) a inclusión educativa e a aplicación do ppio DUA,
- Decreto 86/2015: arbitrará métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e favorezan a aprendizaxe en equipo. (art. 11).

- Decreto 229/2011, art. 5 e 6 de actuacións da administración e do centro educativo.
- Relacionado con todo isto está a Estratexia de Eduinclusión 20-25, especialmente os Proctols de Intervención Psicoeducativa na Dislexia e outros DEA, Plan de Convivencia, Protocolo de Prevención, detección e intervención do Risco Suicidio, etc.
- O Plan de Benestar Emocional da Consellería como base transversal e apoio a este programa.
- Así como o Programa Recupéra-t (R. 14 de xuño de 2021).

Por suposto terase en conta:

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se establece a ordenación e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se regula a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia e se desenvolve polo Decreto 120/1998.
- Circular 10/2010 que establece dúas actuacións prioritarias para os servizos de orientación.

**1.2. XUSTIFICACIÓN PRÁCTICA POR QUE É IMPORTANTE PLANIFICAR ESTE PROGRAMA PARA O NOSO CENTRO?**



Este programa ten cabida en coherencia cos principios de prevención, planificación e sistematización do modelo de programas de Orientación Educativa.

Así mesmo, contribúe a mellorar o desenvolvemento integral da comunidade educativa, o éxito, a equidade e a calidade da educación no noso centro educativo. Evitar o abandono escolar e o fracaso académico.

Pola importancia da inclusión de todas as persoas, da necesidade de identificar e comprender as nosas propias fortalezas e capacidades e non só as necesidades ou debilidades.

Ligado sen dúbida ás necesidades descritas no Plan de Orientación Educativa (POE), pola diversidade existente nas aulas e pola necesidade de asesorar ao profesorado sobre metodoloxías innovadoras.

Ademáis contribúe a mellora da convivencia do centro, do respecto ás diferenzas, do fomento da empatía. Entendemos que os problemas de convivencia do centro, xurden da non comprensión das diferenzas e de non ser empáticos co igual.

## **2. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES**

¿QUE PROBAS TEMOS PARA CONSIDERAR A RELEVANCIA QUE TEN ESTE PROGRAMA NO NOSO CENTRO?

Partindo do principio de prevención da Orientación Educativa, calquera programa de intervención debe comezar cunha ANÁLISE da situación de partida para avaliar as necesidades do Centro e poder deseñar un plan de actuación

realista, coherente e funcional. Así, de acordo coas necesidades xa descritas no Plan de Orientación, podemos identificar e xustificar, por exemplo, as seguintes:

- Adaptación da resposta educativa ás NEAE do alumnado.
- Asesoramento na implantación de MAD e novas metodoloxías baixo a perspectiva DUA e apoio socioemocional ao profesorado.
- Asesoramento sobre o proceso e/a, modalidades de implicación e participación no centro, información sobre os recursos existentes no contexto ás familias.

### **3. OBXETIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS**

#### **¿CÁL É A FINALIDADE DESTE PROGRAMA?**

Acorde co punto anterior é clave crear unha lista de obxetivos que axuden ao DO a sistematizalas actuacións e que garanten accións preventivas que eviten **intervencións tardías, apresuradas e escasamente planificadas**, en cuxo caso sería moi complexo dar unha resposta educativa de calidade.

#### **3.1. OBXETIVOS XERAIS:**

Crear unha mellora no clima de convivencia do IES a prol dunha inclusión real de tódolos axentes educativos, partindo de dar respostas educativas axustadas ás necesidades do alumnado, cun asesoramento en metodoloxías inclusivas, incidindo en actuacións preventivas e desarrollistas.

#### **3.2. OBXETIVOS ESPECÍFICOS:**

Toda a comunidade:

□ Sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha boa comunicación e asertividade baseada no respecto polas diferencias educativas e sociais de todos e todas. (Obxectivo dirixido a todos os destinatarios)

Alumnado:

- Mellorar as súas habilidades emocionais e empáticas.
- Satisfacer as necesidades educativas
- Favorecer o proceso educativo

Profesorado:

- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación con las metodoloxías innovadoras e a diversidade.
  - Facilitar a prevención e detección das NEAE na aula.
  - Dotar de apoios materiais e técnicos na mellora das prácticas inclusivas.

Familias:

- Coordinar unha actuación conxunta e coherente coas familias do centro, para previr e intervir ante desaxustes no proceso de e/a.
  - Establecer canles de comunicación
  - Colaborar nas pautas educativas



Finalmente, destacar que o desenvolvemento deste programa implica o reforzo de todas as competencias clave.

#### 4. **CONTIDOS ¿QUE ÍMOS TRABALLAR NO PROGRAMA?**

Destacar que o programa está integrado na actividade curricular ordinaria de tal forma que contempla todos os elementos do proceso de ensinanza-aprendizaxe, os contenidos están relacionados de forma inexorable aos propios do PEC e ás programacións de aula.

Así destácanse os seguintes contidos:

- EDUCACIÓN INCLUSIVA E DIVERSIDADE.
- DUA E METODOLOXÍAS DE INNOVACIÓN PEDAGÓXICA.
- RESPETO, CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN POLAS DIFERENZAS EDUCATIVAS E SOCIAIS.

#### 5. **ACTUACIÓN PRIORITARIAS: ACTIVIDADES, ORGANIZACIÓN, COORDINACIÓN E TEMPORALIZACIÓN. ¿A TRAVÉS DE QUÉ ACTUACIÓN E ACTIVIDADES INTENTAMOS DAR RESPUESTA AOS OBTIVOS DO PROGRAMA?**

Unha vez que sabemos como levar a cabo o programa descríbense de forma concreta as actividades do mesmo. Destacar que son actividades variadas, innovadoras e coherentes coas necesidades do alumnado, centro e contexto, así mesmo contribúen ao logro dos obxectivos e ao desenvolvemento das actuacións, plans, protocolos, proxectos e programas.

Descríbense cunha secuenciación tanto temporal como por axentes, incorporando a coordinación con servizos externos. As actividades deste programa levaranse a cabo ao longo de todo o curso.

As actividades divídense en tres niveles: centro, aula e individual.

### **A nivel centro:**

Actividades para o alumnado e profesorado:

1. Uso da biblioteca como espazo de aprendizaxe e inclusión: consulta sobre diversos libros que recollan de forma directa ou indirecta aspectos relativos á motivación e diferentes estratexias de intervención na aula inclusiva, para consulta tanto de profesorado como de alumnado, destaco os seguintes exemplares, entre outros:

- La inclusión en Secundaria: Propuestas educativas innovadoras para el aula. (2020). Coral Elizondo y María Dauder.
- DUA. Educación para todos y prácticas de enseñanza inclusivas (2017). Carmen Alba Pastor.
- Aulas inclusivas: experiencias prácticas. (2017). M<sup>a</sup> Eugenia Pérez y Sonia Vives

Actividade dispoñible pódese realizar de forma voluntaria e co asesoramento do DO e do profesorado das gardas da biblioteca e o profesorado encargado do Club de Lectura.

2. Decoración dos corredores e entrada na biblioteca do centro: sobre temáticas inclusivas relacionadas co Plan de Acción Titorial. Esta actividade

podrase presentar ao alumnado de 6º de Ed. Primaria dous centros Adscritos e ás familias do alumnado do centro.

3. Colaboración coa comisión de igualdade para incluír nas súas actividades e revista traballos sobre inclusión do alumnado.

4. Comunicación e coñecemento de centros da Consellería que participasen no Premio Boas Prácticas.

### **ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE ASESORAMENTO AO PROFESORADO**

1. **Aula virtual de orientación con asesoramento sobre Educación Inclusiva, metodoloxías innovadoras e DUA.** Onde se orienta sobre aspectos como avaliación inclusiva, recomendación metodolóxicas nas aulas diversas, achega de materiais como as Tarxetas DUA, etc.

Ademáis nesta aula virtual está exposto o Plan de Acción Titorial de todo o centro, no cal podemos ver diversas actividades para realizar nas aulas sobre inclusión educativa e diversidade.

### **ACTIVIDAD ESPECÍFICA COAS FAMILIAS**

1. Charla convocada a través da ANPA del IES e do centro. Trátase dunha xornada presencial respectando as medidas do COVID-19, na cal se informará ás familias das prácticas inclusivas e de atención á diversidade do IES. Que ferramentas nos proporciona a Consellería de Educación para atender ao alumnado, que dereitos e obrigas teñen como familias. Presentación de los Protocolos de las Estrategia Eduinclusión 20-25.

2. Aula virtual de Orientación para familias. Co fin de asesorar e informar ás familias no traballo diario dos seus fillos/as en materia de inclusión e diversidade. Poden obter recursos e formación sobre pautas psicopedagóxicas no entendemento e desenvolvemento dos adolescentes, na atención e respecto á diversidade, na inclusión educativa. Ser coñecedores dos Plans de centro que traballan estes aspectos e achegar propostas para mellorar as situación de discriminación ante a diversidade e prácticas segregadoras.

### **A nivel de aula**

Destacar que todas as actividades levadas a cabo a nivel de aula, empézase cunha presentación inicial co fin de motivar e anticipar o contido, crear expectativas e evitar frustracións. Baixo o principio de planificación, simplicidade e estruturación. Por suposto, esta presentación utilizará método multicanle e multilinguaxe: presentarse de forma oral, acompañada de visionados e doutras estratexias que se consideren oportunas tendo un tratamento transversal o uso das tecnoloxías.

Terase en conta as actividades nesta temática xa recollidas no Plan de Acción Titorial: Actividades de sensibilización co TDAH, curtos como O caso de Lorenzo, Cordas, A maior discapacidade é a falta de confianza nun mesmo, a historia de cada un, entre outras.

**Co alumnado a través de horas lectivas en materias e/ou titorías.**

### **PARA TODO O ALUMNADO DA ESO:**

**Presentación no principio de curso sobre a Orientación no IES:** onde está, porque podemos acudir a ela, e que traballa. Dentro desta última pregunta, falarase dun xeito sensibilizador sobre que é a atención á diversidade, desmontando mitos sobre a atención ás persoas con discapacidade ou a atención ao alumnado cun diagnóstico previo. A diversidade é a atención a todo o alumnado independentemente de ter ou non informe psicopedagóxico.

ACTIVIDADES DE PRESENTACIÓN OU EXPOSICIÓN DE TRABALLOS INCLUSIVOS AO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

### **ACTIVIDADES ESPECÍFICAS PARA 1º E 2º ESO:**

1. Elaboración dos **cuestionarios sobre estilos de aprendizaxe**. Todos e todas temos unha fortaleza e unha virtude, non todos somos bos na mesma materia e todas as materias son válidas. Trátase de que descubran as súas fortalezas e poidan destacar nelas.

2. **1º ESO:** Premios trimestrais. Neste curso levaranse a cabo uns premios trimestrais co fin de fomentar as boas prácticas de convivencia e respecto polas diferenzas entre o alumnado de 1º ESO. Para iso estará colgado no corcho da aula a convocatoria dos premios que cada trimestre mudará de título. Trátase de premiar ao alumnado que teña habilidades de comunicación asertiva, que medie ante os conflitos, que respete ás diferenzas, entre outros.



3. **1º ESO:** Elaboración do diccionario das persoas especiais, seguindo o diccionario de Manu Velasco, o alumnado terá que elaborar o seu propio da aula. A través do coñecemento dos compañeiros/as, terán que describir “persoas especiais coas que conviven na aula”. Por exemplo: Persoas Faro: compañeiros/as que teñen luz propia e me axudan a ver o camiño. Esta actividade pode realizarse en titoría ou na materia de Lingua Galega ou Castelá. Posteriormente os dictionarios dos tres grupos serán expostos a toda a Comunidade Educativa.

4. **1º e 2º ESO:** Visionado da película Estrelas na terra, nesta película da India, Ishann, de oito anos, non pode deixar de soñar en clase. Os seus profesores pensan que é perezoso e a súa familia está cansada de que sempre esté en problemas. Así que o mandan a un internado, onde o profesor de arte se da conta da grande imaxinación e de outras moitas cousas. Así se enteran que Ishaan ten Dislexia.

5. **1º e 2º ESO:** terán charlas informativas sobre diferentes Trastornos da Aprendizaxe e/ou Desenvolvemento como é a charla sobre TEA da Asociación Raiolas de Lugo.

6. **2º ESO:** Elaboración dun vídeo baseado nun experimento social sobre inclusión. Este vídeo será exposto posteriormente no salón de actos para ser presentado a outros grupos do IES.

### **ACTIVIDADES PARA 3º E 4º ESO:**

1. En 3º ESO, traballarase baixo a cuestión ¿Que é a integración e que é a inclusión? ¿Integras ou inclúes?. Trátase que logo



de 3 ou 4 sesións de titoría nas cales se visionarán vídeos sobre esta temática e se farán grupos de debate con actividades de investigación-acción, o alumnado sexa quen de entender a diferenza entre a integración e a inclusión e saiba identificar situacións nas dúas condicións. Farán un “mural” expoñendo as súas conclusións que se poderá ver nalgún corredor do IES.

2. En 4º ESO, traballarase baixo a cuestión ¿Que é a diversidade? Para isto visionaran o vídeo Human no cal ao seu remate, reflexionarán sobre estes aspectos. Levarase a cabo en 4 ou 5 sesións de titoría. Posteriormente expoñerán as súas conclusións nun mural ou vídeo que se expoñerá ao resto da comunidade educativa.

3. En 4º ESO, a Asociación Arelas, impartirá unha charla informativa sobre a Diversidade Sexual e de Xénero.

4. En 4º ESO, levarase a cabo unha actividade a cargo dunha Asociación de Personas con Discapacidade. Unha persoa con discapacidade e unha historia persoal complexa, lles achegará a súa vida a través da conexión cos videoxogos.

5. En 3º e/ou 4º ESO, impartirase un taller práctico impartido pola ONCE sobre situación cotidianas que vive unha persoa cega. Farase na materia de educación física un circuito sensoriomotriz no cal poderán experimentar que sinte unha persoa con cegueira.

### **ACTIVIDADES PARA BACHARELATO:**

1. En 1º BACHARELATO: Farase o camiño de Santiago como actividade extraescolar cun lema relacionado con estas temáticas. “Camiñando pola inclusión”, intentarase darlle forma a través da colaboración con outras entidades do Camiño.

2. En 1º BACHARELATO: a compañeira de Interpretación de Lingua de Signos, impartirá unhas pequenas pinceladas desta comunicación. Indicarase lugar e datas, onde tamén poderá participar o profesorado.

3. En 2º BACHARELATO: Arelas levará a cabo unha charla sobre Diversidade Sexual e de Xénero.

### **ACTIVIDADES NA FORMACIÓN PROFESIONAL:**

1. Para FPB están descritas nos Plans de Acción Titorial e xa mencionadas no comezo deste apartado. Poderán incluírse cantas outras se consideren acordes con esta temática.

2. Para FP Medio e Superior pódense levar a cabo actividades relacionadas coa especialidade, por exemplo, receitas do mundo, cociñando pola inclusión. Estamos abertos a todo tipo de propostas.

### **A NIVEL INDIVIDUAL**

Ademais das actividades citadas a nivel de centro e aula, con profesorado, alumnado, familias e contexto; Tamén se terá en conta o apoio individualizado para quen o precise (EN ESPECIAL ESTUDANTES NEAE).



Para iso atenderase segundo o protocolo establecido na DO dende o inicio do curso, a través dos horarios de atención ás familias, horas de atención ao alumnado e horas de orientación. Esta atención individualizada será sempre froito dunha planificación previa e terase en conta a derivación se fose necesario, contando aquí coa EOE, CAFI, CFR, ou outras entidades que poidan colaborar.

## **6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN E METODOLOXÍA.**

### **¿COMO ÍMOS A DESARROLLALAS DIFERENTES ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS? ¿CALES SON OS PPIOS QUE RIXEN A NOSA INTERVENCIÓN?**

O primeiro paso para responder a estas preguntas é establecer unha relación de actuacións prioritarias que a DO desenvolverá a prol do desenvolvemento integral e do proceso e/a. Así, indico o seguinte:

CURRICULARIEDADE e PREVENCIÓN, COORDINACIÓN INTERPROFESIONAL, INTERESTADICO E INTERINSTITUCIONAL para o desenvolvemento de charlas, obradoiros, actividades.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ASESORAMENTO e ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA para aquel alumnado, familias e profesorado que o precise.

Coordinación entre titores e profesores tanto para o desenvolvemento das actividades a través do tempo de titoría presencial como das incluídas nas actividades ordinarias da aula, proporcionando o apoio material e técnico necesario.

Asesoramento para a inclusión de cuestións e metodoloxías transversais na programación, establecendo acordos e compromisos.

Por outra banda, a metodoloxía propia do programa. Entendemos por metodoloxía o conxunto de criterios e decisións que se toman para desenvolver adecuadamente o proceso e/a. Por suposto que será flexible, adaptarse a cada unha das características do alumnado, das familias e do profesorado. En concreto, a intervención realizada dende a DO será global e sistemática:

- Os obxectivos e contidos consideraranse como elementos de referencia e non como programa pechado.
- Favorecerase a participación efectiva do alumnado como protagonista do seu proceso docente.
- Empregaranse diferentes tipos de agrupacións: traballo individual, pequeno e gran grupo.
- Valorarase un papel docente de mediación e interacción.
- Utilizaranse actividades e materiais funcionais, axeitados á idade, accesibles e variados.

Nun plano máis concreto, e como non pode ser doutro xeito, terase en conta a DUA, baixo os seus principios:

Proporcionar múltiples formas de implicación (o porqué da aprendizaxe). Búscase a motivación do alumnado, o seu interese pola tarefa.

Proporcionar múltiples medios de representación (o que de aprender). A actividade presentarase de diferentes formas (visual, auditiva, a través das TIC)

Proporcionar múltiples medios de Acción e Expresión (o como de aprender). Utilizaranse diferentes formas de explicación e execución da tarefa, o aprendido trasladarase a outros.

## **7. RECURSOS HUMANOS (INTERNOS E EXTERNOS AO CENTRO), MATERIAIS E TECNOLÓXICOS, ORGANIZATIVOS E FUNCIONAIS.**

RECURSOS HUMANOS: Equipo directivo, CCP, titores e equipo docente en xeral, departamentos didácticos, membros do DO, DO do centro asignado, EOE, persoal dos Servizos de Saúde, Servizos Sociais, Inspección Educativa, bibliotecas, Atención Temperá, EN FORMIGÓN NESTE PROGRAMA TEMOS ARELAS, ONCE, RAIOLAS E OUTRAS ASOCIACIÓNS DO COTORNO.

RECURSOS MATERIAIS E TECNOLÓXICOS: Orzamento DO, recursos 2.0 e 3.0, material bibliográfico impreso e dixital, ordenador con acceso a internet, blogs de orientación, apps de orientación, documentos de planificación escolar, probas normalizadas, materiais audiovisuais,

RECURSOS ORGANIZATIVOS E FUNCIONAIS: encontros, coordinación entre os distintos axentes educativos.

## 8. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA.

Por último, pero non menos importante, a avaliación do programa, de carácter emerxente e aberto a posibles cambios, este programa segue a ser unha hipótese de traballo (planificada e sistematizada) que orienta a actividade do centro.

Esta avaliación terá tres momentos:

A. Unha avaliación inicial establecida no punto 2 de identificación de necesidades.

B. Unha avaliación continua durante todo o proceso que nos permita realizar axustes, modificacións e retroalimentación da nosa propia práctica.

C. Unha avaliación final para valorar o grao de consecución dos obxectivos, reflexionar sobre os puntos fortes e débiles do programa, recoller as dificultades de implantación e establecer propostas de mellora.

**CUESTIONARIOS PARA ESTUDANTES, PROFESORES E FAMILIAS.**

Por outra banda, os criterios de avaliación que temos en conta nos tres momentos son:

Grao de participación e comunicación entre os membros da Comunidade Educativa.

Grao de utilización do programa para o alumnado, as familias e o profesorado.

Grao de valoración do clima social da aula e do centro.

Atención ao alumnado con NEAE, ás súas familias e ao equipo docente dun xeito máis específico para valorar as vantaxes do programa.

Grao de continuidade curricular.

Grao de satisfacción e participación dos distintos grupos de interese.

Se o que se pretende é que a avaliación sexa contextualizada, cualitativamente relevante, libre de prexuízos e sistemática, será fundamental empregar diversos instrumentos, tanto cualitativos como cuantitativos, e recoller deste xeito aspectos sesgados da realidade educativa. Os instrumentos que se poden utilizar son:

- Baremos de avaliación do alumnado, profesorado e familias
- Cuestionarios finais de actividade e programa
- Observación sistemática do profesorado
- Reflexións do profesorado, do alumnado e das familias. Compartimento final.
- Actividades e traballos realizados.

Por último, estableceremos uns **INDICADORES DE LOGRO** para avaliar a nosa práctica orientadora.

Finalmente, a partir de toda a información recollida no proceso de avaliación, estableceremos unhas **PROPOSTAS DE MELLORA** que posteriormente serán recollidas na **MEMORIA DO PLAN DE ORIENTACIÓN**.

Por exemplo:

- Poñer en marcha a Escola de Nais e Pais.
  
- Asesorar ao profesorado na nova formación do Plan Recupera (curso 21/22), en detección precoz de NEAE e consolidación da DUA.
  
- Informar ao centro sobre a participación no Premio ás Mellores Prácticas.
  
- Asesorar ao centro educativo sobre a nova creación de RAOGAL e UACO, así como a posible participación do centro nela.
  
- Revisar mecanismos de coordinación entre profesorado de materias instrumentais básicas, titores, orientador e profesorado de ARCO e PROA +.

## **9. CONCLUSIÓNS:**

Como reflexión final, salientar o cambio de paradigma ou cambio de visión real, a inclusión debe deixar de ser unha palabra de moda ou unha utopía.

Debemos, en primeiro lugar, entender a diversidade da aula como todo o grupo/clase, todo o alumnado e non só aquel que ten dificultades porque, quen non as ten nalgún momento da súa vida e máis no tempo que temos que vivir?

Hai que traballar neste camiño da utopía, porque iso é: facer o camiño nos inclúe a todos. Para iso, retomo a frase de Eduardo Galeano, como motivación nesta viaxe.

"A utopía está no horizonte. Camiño dous pasos, ela dá dous pasos e o horizonte vai dez pasos máis. Entón, para que funciona a utopía? Para iso, serve para camiñar"